

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE XULLO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA ACCIDENTAL:

D.^a Ana María Portela Torrón

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. Fernando Manuel Garrido
Negreira

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as trece horas e trinta cinco minutos do día vinte e un de xullo do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urgente baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D.^a Ana María Portela Torrón, e actúa como secretario o secretario accidental do Concello, D. Fernando Manuel Garrido Negreira, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- PRONUNCIAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RESPECTO DA URGENCIA DA CONVOCATORIA E DO SEGUINTE ASUNTO A TRATAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 133.1 a) DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

Na Resolución da Alcaldía núm. 701/2025, do día 21 de xullo, pola que se convoca esta Xunta de Goberno Local se sinala que:

“(…/…)”

A urgencia da convocatoria e do asunto vén motivada na finalización do período de prórroga de oito meses aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 1405/2024, do 22 de novembro, e a necesidade de garantir o interese xeral dos veciños, defender o seu benestar e evitar que se repitan os problemas que xeraron a declaración da emerxencia sanitaria no mes de maio de 2024, isto visto que a licitación e adxudicación do servizo que garantizará a salubridade en colexios, centros de saúde e instalacións municipais aínda non se produciu.

“(…/…)”

Sometida pola Presidencia a urgencia a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade, aprobar a urgencia da convocatoria e do asunto incluído na orde do día.

2º.- PROPOSTA RELATIVA Á PRÓRROGA DO CONTRATO DE EMERXENCIA DO SERVIZO DE LIMPEZA NOS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E CENTROS ESCOLARES MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CAMBRE, ADXUDICADO POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 605/2024, DO 9 DE MAIO

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 21 de xullo de 2025 (CVD: OpHLnI8m0ozFewvGyc33), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Vista a Resolución da Alcaldía número 605/2024, do 9 de maio, pola que se adxudica mediante tramitación de emerxencia, o contrato do servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre á “Empresa de Transformación Agraria, S.A. (TRAGSA).

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 638/2024, do 21 de maio, pola que se resolve modificar o prezo do contrato, quedando fixado no prezo/hora máximo de 36,10 euros (sen IVE), e no prezo/hora mínimo de 27,00 euros (sen IVE), en función do grao de execución das partidas do orzamento achegado pola empresa.

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 1405/2024, do 22 de novembro, pola que se acorda prorrogar o contrato de emerxencia adxudicado mediante R.A número 605/2024, de 9 de maio, á “Empresa de Transformación Agraria, S.A (TRAGSA) no prezo/hora máximo de 36,10 euros (sin IVA) e no prezo/hora mínimo de 27,00 euros (sin IVA) en función do grao de execución das partidas do presuposto aportado pola empresa para o servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre por un período de oito meses susceptible a ser modificado de non estar adxudicado o expediente de contratación que se está a tramitar.

Vista a providencia do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Réxime Interior, Contratación e Desenvolvemento Económico, de data 11 de xullo de 2025, pola que se solicita que pola Secretaría e Intervención municipais se emita informe sobre a prórroga do dito contrato de emerxencia.

Visto o informe da secretaria municipal desfavorable á prórroga do contrato de data 14 de xullo de 2025 (CVD: Z/nOB54k00T5/U+2EhwF), que transcrito di:

«INFORME DE SECRETARÍA

Asto: Prórroga do contrato de emerxencia do servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre.

A funcionaria que subscribe, cumprimentando o solicitado por Providencia do concelleiro delegado da área de economía, facenda, contratación, réxime interior e desenvolvemento económico de data 11 de xullo de 2025 (CVD: GsXhV5IWCFRwfDsXwurX) emite o seguinte **INFORME**:

CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá, déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escaseza de persoal no servizo, a ausencia da técnica que tramita os expedientes de contratación,

vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral ,pola necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e pola sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaría,, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas e extensas e fan que a que subscribe haxa de expresarse de xeito sintético, co risco que a sínte entraña.

É por iso polo que o presente informe centrarase nos aspectos básicos do expediente, polo que as consideracións que se farán poderán ser ulteriormente ampliadas .

ANTECEDENTES

Os que constan nos expedientes TEDEC 2024/X006/000010 , 2024/G003/000674 e 2024/G003/001585

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- En data 8 de maio de 2024, por esta Secretaría,en relación á proposta de adxudicación á empresa TRAGSA do contrato de emerxencia relativo á limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre emitíuse nota informativa de Secretaría 29/2024(CVD: cfUP9Erjo2MF5LUbU9FE) na que polo exposto nela e o sinalado na de data 21 de marzo de 2024(CVD: lOJ6uxA82Aef8B7cevjr) informouse desfavorablemente a adxudicación pola tramitación de emerxencia á empresa “Empresa de Transformación Agraria, S.A. (TRAGSA) do servizo de limpeza nos edificios, instalacións, e centros escolares do Concello de Cambre .

E en data 18 de novembro de 2025 por esta Secretaría emitíuse informe(CVD: 57V8Vi4X7dDRmAwi3zKZ) en relación á prórroga do referido contrato na que informouse desfavorablemente esta, informe que transcrito di:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asto: Prórroga do contrato de emerxencia do servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre.

A funcionaria que subscribe, cumprimentando o solicitado por Providencia da Alcaldía de data 14 de novembro de 2024 (CVD: FYKXDu7cVmbBZ51Kwz2+) emite o seguinte **INFORME:**

CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escasez de persoal no servizo, a ausencia da funcionaria que tramita os expedientes de contratación, vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral , a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos , e a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaría, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas e extensas e fan que a que subscribe haxa de expresarse de xeito sintético, co risco que a sínte entraña.

É por iso polo que o presente informe centrarase nos aspectos básicos do expediente, polo que as consideracións que se farán poderán ser ulteriormente ampliadas .

ANTECEDENTES

Os que constan nos expedientes TEDEC 2024/X006/000010 e 2024/G003/000674.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- En data 8 de maio de 2024, por esta Secretaría,en relación á proposta de adxudicación á empresa TRAGSA do contrato de emerxencia relativo á limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre emitíuse nota informativa de Secretaría 29/2024(CVD: cfUP9Erjo2MF5LUbU9FE)que, transcrita di:

“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA 29/2024

Remitidos pola sra. Alcaldesa correos electrónicos a esta Secretaría no que solicita a preparación da proposta de adxudicación á empresa TRAGSA do contrato de emerxencia (relativo ao servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre), en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría, coas limitacións propias desta nota fanse as seguintes consideracións:

CUESTIÓN PREVIA-CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto debido a escaseza de persoal no servizo, acumulación de tarefas, necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e a premura que esixe o asunto (por Resolución da Alcaldía de data 2 de maio de 2024 declarouse a emerxencia sanitaria no Concello de Cambre, en relación coa falta de limpeza e hixiene nos centros dependentes do Concello de Cambre, especialmente centro de saúde, colexios, galiña azul, así como aqueles outros nos que se desenvolvan actividades con participación cidadá), o que impide facer unas consideracións máis axeitadas, limitándose a presente a analizar cuestións básicas do expediente . Por iso, e o presente informe emítese coas cautelas, salvedades e condicionamentos que se derivan destes feitos, polo que as consideracións que se farán poderán ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas.

I.- En data 21 de marzo de 2024 por esta Secretaría, en contestación á Providencia do alcalde en funcións de data 19 de marzo de 2024 (CVD: I0J6uxA82Aef8B7cevj) emitíuse o documento , que figura transcrito na resolución de Alcaldía de data 2 de maio de 2024 (CVD: vnZJUo7rNligHTJvK3Yy), que se da por íntegramente reproducido.

II.- Como presuposto , é obrigado sinalar que a contratación verbal do servizo de limpeza de edificios municipais foi declarada nula por resolución da Alcaldía 483/2024 de data 18 de abril de 2024 (previo o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia) . E dita nulidade o foi por concorrer a causa de nulidade de pleno dereito contida no artigo 47.1 e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común (actos dictados prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido). É dicir, a nulidade de pleno dereito da contratación verbal o foi pola causa máis grave .

Así, o **Tribunal de Xustiza da Unión Europea** considera a **contratación prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido** (como é a contratación verbal) como a **infracción máis grave do dereito comunitario** (Sentenza de 11 de xaneiro de 2005 (Stad Halle).

Polo tanto, a actual situación é consecuencia da actuación dos órganos de goberno do Concello consistente no encargo verbal, permitindo a prestación material do servizo de limpeza de edificios municipais, non só contravindo a prohibición legal de contratar verbalmente senón, ademais, sen a necesaria cobertura xurídica formal ao non proceder á convocatoria dun procedemento de licitación pública destinado á adxudicación e posterior formalización do correspondente contrato conforme ao disposto na normativa de contratación pública ,o que supón, dada a gravidade dos incumprimentos(reitérase o sinalado anteriormente verbo de que se trata da infracción máis grave do dereito comunitario) a nulidade da dita contratación verbal

E é que a situación na que se atopa a prestación do servizo ten a súa orixe na falta de licitación da súa contratación, isto é, da tramitación do oportuno expediente destinado á selección dun novo contratista, dotando así de cobertura xurídica formal á prestación do servizo, e iso pese ás advertencias feitas tanto por Secretaría e Intervención verbo da necesidade de proceder a súa contratación de acordo cos principios de igualdade, libre concorrência, transparencia e publicidade e a través dos procedementos legalmente establecidos, coa necesaria concorrência de todos os posibles licitadores interesados.

Así, por esta Secretaría, a partires da toma de posesión como Secretaria xeral deste Concello veuse poñendo de manifesto reiteradamente a inexistencia de contratación de, entre outros, o servizo de limpeza de edificios municipais, que a contratación (verbal) realizada contraviña a normativa de aplicación, que constituía unha transcendente irregularidade xurídica ao suponer a omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido e constituír unha causa de nulidade de pleno dereito.

Tamén veuse informando reiteradamente pola que subscribe da necesidade de proceder a contratación de , entre outras, esta prestación.

Así, a título meramente exemplificativo, poden citarse, entre outras, o informado nas seguintes notas informativas de Secretaría emitidas en relación a expedientes relativos a aprobación de facturas entre as que se atopaban facturas polo concepto de limpeza de diversos edificios municipais nos que figuran informes de reparo formulados pola intervención municipal:

- Nota informativa de secretaria 12/2022, de data 29 de xullo de 2022 (CVD: nckh27o0I6xBCJeywROj)
- Nota informativa de secretaria 18/2022, de data 9 de setembro de 2022 (CVD: Vir/XcatmOBkD1w7A4MO)

- Nota informativa de secretaría 39/2022, de data 7 de novembro de 2022 (CVD: douGypGN8yefKe19zMxL)
- Nota informativa de secretaría 56/2022, de data 16 de decembro de 2022 (CVD: xFUgyVLanXXH9+wmsyAz)
- Nota informativa de secretaría 59/2022, de data 19 de decembro de 2022 (CVD: AU1kqFalkeDZqMfBlbFH)
- Nota informativa de secretaría 6/2023, de data 26 de xaneiro de 2023 (CVD: dAoTscCUqy3b4yJTWitJ)
- Nota informativa de secretaría 8/2023, de data 6 de febreiro de 2023 (CVD: iJaHMEq+goeCBN7dMEPe)
- Nota informativa de secretaría 9/2023, de data 14 de febreiro de 2023 (CVD: yOHw7+soOiaMQeEvbmZs)
- Nota informativa de Secretaría 14/2023, de data 10 de marzo de 2023 (CVD: /6H5mv58EjaDo4ZdvA8F)

Tamén o anterior interventor municipal nos informes que figuran nos expedientes aos que se refiren as notas informativas citadas, formulou reparos en relación a facturas, entre outras por servizos de limpeza, nos que indicouse que se emitía informe desfavorable motivado na ausencia de contratación, e se instaba o inicio do procedemento administrativo de adxudicación do contrato, entre outros.

Así pódense citar :

- Informe de fiscalización JUA NUM 316/2022-Reparo 97 R, de 21 de xullo de 2022
- Informe de fiscalización JUA NUM 360/2022-REPARO 115 R de data 7 de setembro de 2022
- Informe de fiscalización JUA NUM 416/2022-REPARO 141R, de data 6 de novembro de 2022
- Informe de fiscalización JUAN NUM 489/2022- REPARO 175 R, de data 15 de decembro de 2022
- Informe de fiscalización JUAN NUM 325/2022-REPARO 101 R, de data 19 de decembro de 2022
- Informe de fiscalización JUA NUM 496/2022- REPARO 178 R, de data 17 de decembro de 2022
- Informe de fiscalización JUA NUM 46/2023-REPARO 12 R, de data 4 de febreiro de 2023
- Informe de fiscalización JUA NUM 6/2023-REPARO 3R , de data 18 de xaneiro de 2023
- Informe de fiscalización JUA NUM 161/2023-REPARO 42 R, de data 5 de maio de 2023
- Informe de fiscalización JUA NUM 52/2023-REPARO 15R, de data 8 de febreiro de 2023

Por exemplo, no informe de intervención de fiscalización JUA NUM 52/2023-REPARO 15R (CVD: 0xHWbPZZGiKf8rFTqOgF) sinaláse, entre outras cousas, o seguinte:

"(…/…)Esta intervención insiste en la necesidad de iniciar y/o tramitar sin demora los expedientes de contratación de los principales servicios que se prestan a este ayuntamiento, con el fin de evitar causar perjuicios no solo a las empresas prestadoras de los mismos sino también al propio ayuntamiento, que ante contratos caducados o nulos por el largo tiempo transcurrido desde la finalización de su periodo de duración, no se ve en la Posición de exigir el cumplimiento de unas prescripciones alejadas a todas luces de la realidad de la prestación del servicio.(…/…)"

E tamén nos informes resume de control interino dos exercizos 2021 e 2022 dos que se deu conta ao pleno da Coproración nas sesións de datas 28 de abril e 2022 e 27 de abril de 2023 respectivamente, polo anterior interventor municipal indicouse á necesidade de proceder á licitación dos expedientes de contratación finalizados hai anos, entre os que menciona a prestación do servizo de limpeza de edificios e instalacións municipais.

A actual interventora municipal emitiu en relación á facturas da mercantil JARDINCELAS, S.L. polos citados conceptos o seguintes informes referidos á omisión de fiscalización:

- LMR-facturas OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN-TEDEC 2023/g003/001613 (CVD: xKIK5vpd57m/ZDZBgki4)
- LMR-facturas OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN-TEDEC 2023/G003/004547 (CVD: I9bI5hqsINtR5+IBXrl)
- LMR-facturas OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN-TEDEC 2023/t003/004601 (CVD: /rizEteeZzI8n5FQaFbO)

Á vista do anteriormente exposto resulta que tanto por Secretaría como pola Intervención municipais veuse informando aos órganos xestores do Concello da situación irregular na que se atopaba a prestación do servizo así como da necesidade de proceder a súa contratación previa licitación a través dos procedementos previstos na normativa vixente, pois a empresa que o viña prestando non foi seleccionada previa a correspondente licitación, o que supón unha contradicción co principio de legalidade no ámbito da contratación pública, que esixe a tramitación dun procedemento coas debidas garantías que aseguren a participación dos posibles licitadores e o acerto da Administración Pública.

Isto é, pese ás reiteradas advertencias de nulidade feitas e as indicacións de Secretaría e Intervención da procedencia de tramitar o procedemento de contratación, a actitude pasiva dos órganos de goberno do Concello que teñen atribuída a competencia en materia de contratación é a orixe da actual situación, pois coñecendo que o anterior contrato se extinguira así como a necesidade de proceder a súa contratación, non adoptaron con tempo suficiente as decisións necesarias para garantir a continuidade do servizo, licitándoo; situación que podería terse evitado coa licitación e contratación do servizo.

O feito de manter a prestación sen licitar constitúe unha infracción moi grave do ordenamento xurídico, ao suponer unha adxudicación directa prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, cunha flagrante, patente e palmaria erosión dos principios básicos que rexen a contratación pública de igualdade, libre concorrência, publicidade e transparencia.

Hai que lembrar que a contratación administrativa é eminentemente formal, en garantía dos citados principios de igualdade, libre concorrência, publicidade e transparencia no gasto público. Por iso a ausencia de procedemento de contratación no suposto examinado conlevou a nulidade radical, e pode dar lugar a exacción de responsabilidades dos que participaron nesas irregularidades.

Pois cando a Lei establece uns procedementos para a formalización dos contratos, non só son garantía de transparencia e limpeza no proceso de contratación pública, senón tamén de seguridade entre as partes na determinación das prestacións e os dereitos recíprocos nados destes procedementos. Cando as partes prescinden de todas estas garantías, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incurrir, tamén están renunciando á seguridade que proporciona a vía legal e asumindo o risco de que, ao cabo, non se poidan acreditar estes convenios verbais e as formas de actuación e pago non documentadas.

Atopámonos, polo tanto, cunha situación irregular, cun contrato nulo, ilegal, derivado dun encargo verbal declarado nulo por incurrir na infracción máis grave do dereito en materia de contratación pública, e que podería terse evitado licitando a contratación do servizo. Neste punto, cabe lembrar o criterio da Xunta Consultiva de contratación do Estado en relación a estas situacións, segundo o cal, a solución a este tipo de problemas (Informe do 10 de decembro de 2018, expediente 86/18) estriba nunha dilixencia reforzada dos órganos de contratación en un concepto ao que a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), outorga unha gran importancia como é a programación e planificación adecuada da súa actividade contractual, obriga esta de planificación recollida no artigo 28.4, que establece:

"4. Las entidades del sector público programarán la actividad de contratación pública, que desarrollarán en un ejercicio presupuestario o períodos plurianuales y darán a conocer su plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto en el artículo 134 que al menos recoja aquellos contratos que quedarán sujetos a una regulación armonizada."

A correcta planificación e programación da contratación pública constitúe un medio que, ademais de ser obrigatorio actualmente de conformidade co artigo 28 da LCSP, é crucial para evitar este tipo de situacións radicalmente ilegais que conlevan ademais o risco de que se faga un uso ineficiente dos recursos públicos.

Así o afirma a Axencia Valenciana Antifraude na Recomendación xeral " Planificación: herramienta clave para prevenir los riesgos de corrupción en las organizaciones", na cal sinala que é "imprescindible que cada organización **planifique la manera de gastar los recursos públicos en beneficio de la comunidad, tratando así la contratación como inversión meditada y justificada**", e que "planificar los contratos **posibilitará su control interno** (especialmente el control financiero permanente) contribuyendo así a minimizar los riesgos de corrupción, sus **costes económicos y la 'parálisis funcional' al retrasar la ejecución de las prestaciones contratadas con la el consiguiente descrédito reputacional**".

III.- O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público regula a tramitación de emerxencia, que ten un carácter excepcional. Así, preceptúa o seguinte:

"1. Cuando la Administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro o de necesidades que afecten a la defensa nacional, se estará al siguiente régimen excepcional:

a) El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente de contratación, podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente u objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente. En caso de que no exista crédito adecuado y suficiente, una vez adoptado el acuerdo, se procederá a su dotación de conformidad con lo establecido en la Ley General Presupuestaria.

b) Si el contrato ha sido celebrado por la Administración General del Estado, sus Organismos Autónomos, Entidades Gestoras y Servicios Comunes de la Seguridad Social o demás entidades públicas estatales, se dará cuenta de dichos acuerdos al Consejo de Ministros en el plazo máximo de treinta días.

c) El plazo de inicio de la ejecución de las prestaciones no podrá ser superior a un mes, contado desde la adopción del acuerdo previsto en la letra a). Si se excediese este plazo, la contratación de dichas prestaciones requerirá la tramitación de un procedimiento ordinario.

d) Ejecutadas las actuaciones objeto de este régimen excepcional, se observará lo dispuesto en esta Ley sobre cumplimiento de los contratos, recepción y liquidación de la prestación. En el supuesto de que el libramiento de los fondos necesarios se hubiera realizado a justificar, transcurrido el plazo establecido en la letra c) anterior, se rendirá la cuenta justificativa del mismo, con reintegro de los fondos no invertidos.

2. Las restantes prestaciones que sean necesarias para completar la actuación acometida por la Administración y que no tengan carácter de emergencia se contratarán con arreglo a la tramitación ordinaria regulada en esta Ley legais do artigo 120 da LCSP."

Para unha maior análise deste tipo de tramitación, tráese a colación a Resolución nº 102/2017 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, que analizou un suposto no que se formulaba a pertinencia dunha contratación efectuada por erxencia, concluíndo sobre o mesmo o seguinte:

“(..../....) para que proceda la tramitación de emergencia es necesario:

- i. Que concurra alguno de los supuestos que taxativamente establece la ley, sin que sea suficiente cualquier otra circunstancia que de lugar a cualquier otra situación de urgencia.
- ii. Que no sea suficiente para resolver la situación la utilización de otros procedimientos menos restrictivos de la libre concurrencia
- iii. Que la emergencia sea apreciada por el órgano de contratación y
- iv. Que la tramitación se limite a lo estrictamente indispensable en el ámbito objetivo y temporal para prevenir o remediar los daños derivados de esa situación.

A los anteriores requisitos , este Tribunal ha de añadir uno más: **que la causa de la emergencia no sea imputable al propio órgano de contratación, es decir, que la situación de emergencia no hubiera podido ser evitada por el órgano de contratación mediante una actuación diligente.**” (o subliñado e negrita é propio)

O procedemento de emerxencia é, pois, un procedemento de carácter excepcional , e- como tamén se indicou por esta Secretaría en data 29 de marzo de 2024 - a falta de dilixencia na incoación e tramitación do oportuno expediente de contratación durante máis de 11 anos , **non é, a xuízo da que subscribe, un suposto legalmente contemplado no artigo 120 da LCSP**, pois, como antes se indicou, a situación puido evitarse licitando o contrato

Ao non concorrer este requisito, infórmase desfavorablemente a tramitación de emerxencia.

E en canto ás consecuencias da ausencia dos requisitos neses casos, o Tribunal Administrativo central de recursos contractuais anuda a dita falta á nulidade de pleno dereito do procedemento. Así sinala na Resolución anteriormente citada que: " Pues bien, entrando ya en lo que se refiere al fondo del asunto, una vez determinada la falta de concurrencia de los requisitos , se concluye sin mayor dificultad argumental la nulidad de pleno derecho del procedimiento, toda vez que no se ha cumplido ninguna de las exigencias establecidas legalmente en relación con el inicio, tramitación y resolución del procedimiento de contratación”.

No caso de soste un criterio distinto ao da que subscribe, infórmase que non se considera axustado á normativa vixente que a adxudicación por este trámite de emerxencia se estenda seis meses, xa que a través desta tramitación só pode realizarse “lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto”, polo que debería limitarse, tanto no ámbito obxectivo como temporal ao estritamente necesario e o resto das prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida e que non teñan o carácter de emerxencia debe contratarse con arranxo á tramitación ordinaria regulada na LCSP.

Por outra banda, cómpre sinalar que o feito de acudir a contratación de emerxencia non significa que se poidan eludir requisitos esenciais de todo contrato, como a determinación do seu obxecto ou o prezo do mesmo .

En canto ao prezo do contrato, advírtese que a oferta presentada por Empresa de Transformación Agraria, S.A. (TRAGSA) excede do prezo máximo de licitación previsto no prego de prescricións técnicas asinado polo enxeñeiro técnico industrial interino o día 29/02/2024 (CVD: h247eZIGxRPsQgd8FFMb) e que figura no expediente que actualmente se atopa en trámite para a adxudicación do servizo de limpeza dos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre (expediente TEDEC 2024/C004/000005), e do presuposto máximo que figura no documento que leva por título “CONDICIONES TÉCNICAS ORIENTATIVAS PARA DESARROLLAR LOS SERVICIOS DE LIMPIEZA POR LOTES EN LOS EDIFICIOS, INSTALACIONES Y CENTROS ESCOLARES MUNICIPALES DEL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE. 2024” asinado polo enxeñeiro técnico industrial interino en data 3 de maio e 2024 (CVD: zylRdg+u47tePTDBMDSQ).

O artigo 100.2 da Lei de contratos do sector público establece a obriga dos órganos de contratación de coidar que o presuposto base de licitación sexa axeitado aos prezos de mercado. Así sinala literalmente que:

“2. En el momento de elaborarlo, los órganos de contratación cuidarán de que el presupuesto base de licitación sea adecuado a los precios del mercado.”

Tamén recolle esta obriga o artigo 102 da citada Lei, ao establecer que:

"3. Los órganos de contratación cuidarán de que el precio sea adecuado para el efectivo cumplimiento del contrato mediante la correcta estimación de su importe, atendiendo al precio general de mercado, en el momento de fijar el presupuesto base de licitación y la aplicación, en su caso, de las normas sobre ofertas con valores anormales o desproporcionados."

No suposto examinado, advírtese que, como se indicou, o PPT de data 22 de febreiro de 2024 e o documento de data 3 de maio de 2024 (elaborados por técnicos municipais) fixan un prezo inferior ao ofertado por TRAGSA polo que se vulnera o disposto nos artigos 100.2 e 102 da LCSP.

Por outra banda, TRAGSA non oferta un prezo/ hora como se lle solicitou, extremo este que debería quedar determinado dun xeito claro.

Polo exposto nesta nota e no sinalado na de data 21 de marzo de 2024(CVD: I0J6uxA82Aef8B7cevj) infórmase desfavorablemente a adjudicación pola tramitación de emerxencia á empresa "Empresa de Transformación Agraria, S.A. (TRAGSA) do servizo de limpeza nos edificios, instalacións, e centros escolares do Concello de Cambre .

Non se estudan os restantes extremos do expediente por falta de tempo hábil para iso.

É o que expoño nesta nota informativa coas limitacións , cautelas e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, polo que as consideracións feitas poderán ampliarse e/ou matizarse nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación."

E en data 21 de maio de 2024 pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade desta Secretaría emitíuse informe (CVD: I0PXjo0xKMAhLuDq0ZUZ) no que informouse tamén desfavorablemente a modificación do importe de adjudicación do servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre.

Esta Secretaría reitera e ratifícase no informado na nota informativa anteriormente transcrita, no informe de data 21 de maio de 2024 (CVD: I0PXjo0xKMAhLuDq0ZUZ), e no sinalado na nota informativa de secretaria 34/2024, de data 22 de maio de 2024 (CVD: 6TZBXRrvUq8adBn0UGLc) e escrito da técnica de xestión de Administración xeral co conforme desta Secretaría dirixido á Alcaldía, de data 27 de maio de 2024(CVD: iDL29Xh8N3LZbjsaFfQv)

Ademais do anterior, tendo en conta que na Resolución da Alcaldía pola que se adjudicou o contrato estableceuse expresamente que. " O prazo de duración será de seis meses, a contar dende o día seguinte ao da notificación desta resolución polo adxudicatario", e que a dita resolución notificouse ao adxudicatario nesa mesma data , o contrato xa se atopa extinguido (extinguiuse o 9 de novembro de 2024), polo que non se axusta a legalidade a súa prórroga.

Respecto de que non cabe a a prórroga de prazos xa vencidos é clara a normativa e a doutrina existente ao respecto:

- O informe da Avogacía Xeral do Estado de 22.09.1997 sinalou:

«la prórroga debe solicitarse, e incluso acordarse o denegarse, mientras está vigente el plazo inicialmente previsto», engadindo, a este respecto, que «no es preciso que las normas prevean aquellas cuestiones que por su obviedad o por su lógica resulten innecesarias, como ocurre en el presente supuesto», pues «[...] resulta evidente que no se puede ampliar lo que ya está extinguido. Una vez que el plazo previsto normativamente llega a su término, se extingue y, por lo tanto, no resulta susceptible de ser ampliado, reducido o prorrogado, porque simplemente ha fenecido» (...).

"Por otra parte, el Tribunal Supremo, también ha rechazado en diversas sentencias la premisa de la que se parte en el dictamen de referencia, que considera que los plazos tienen un mero valor instrumental. Así, en sentencia de 13 de noviembre de 1991 (RA 8007) se declara que los plazos procesales, «no son formalismos intranscendentes, sino que son requisitos de inexcusable observancia, por lo que no se pueden desconocer», añadiendo que «en la Jurisdicción contencioso administrativa los plazos son improrrogables, de suerte que una vez transcurridos, se tiene por caducado el derecho y por perdido el trámite o recurso que hubiere dejado de utilizarse».

En el mismo sentido, la sentencia de 15 de julio de 1991 (R. A. 6777) declara que «el problema de los plazos tiene una importancia capital» y el auto de 6 de noviembre de 1990 (RA 9888) que «si no cabe efectuar interpretaciones extensivas del presupuesto procesal impeditivo [...] tampoco pueden hacerse las permisivas que conduzcan a ampliar los trámites materiales o temporales del ejercicio de la acción, comprometiendo la regularidad del procedimiento [...]".

- A obrigatoriedade dos termos e prazos ven establecida, con carácter xeral, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

“Artículo 29. Obligatoriedad de términos y plazos.

Los términos y plazos establecidos en ésta u otras leyes obligan a las autoridades y personal al servicio de las Administraciones Públicas competentes para la tramitación de los asuntos, así como a los interesados en los mismos”.

- Así as cousas, calquera intento de relativizar a transcendencia dos prazos no procedemento administrativo español resulta inxustificado, posto que os mesmos operan (ou poden operar) de forma decisiva no seno de calquera expediente.

En definitiva, nos contratos administrativos o prazo de execución é un elemento esencial e ese carácter esencial determina que, vencido o prazo de duración dun contrato administrativo, non resulte xa posible acordar a súa prórroga nin a ampliación do prazo de execución.

O Consello de Estado declarou en numerosas ocasións que o vencemento do prazo de duración dos contratos administrativos determina a súa extinción. Así, nos dictames números 349/2017, 350/2017 y 351/2017, de 14 de septiembre de 2017, o Consello de Estado afirma o seguinte:

«Este Cuerpo Consultivo ha dicho reiteradamente que los contratos administrativos son negocios jurídicos a plazo fijo y que la duración es uno de sus elementos esenciales. [...]»

En el caso presente [...], el contrato quedó extinguido por el vencimiento de su plazo. Y debe concluirse también que la denegación de la solicitud de prórroga formulada por el contratista, cuando ya había transcurrido dicho plazo, [...] fue conforme a Derecho. En consecuencia, el contrato se extinguió ipso iure al vencer su duración, sin perjuicio de que subsistieran determinados efectos reflejos».

O contrario sería deixar ao arbitrio da Administración a decisión de acordar incidencias sóo admisibles na fase de execución contractual, respecto de contratos xa extinguidos por ter expirado o seu prazo de vixencia.

En definitiva, presupuesto previo para acordar a prórroga dun prazo é que este non expirara, e no suposto examinado, o contrato xa se extinguiu.

Se ben o criterio desfavorable da que subscribe quedou exposto, para o caso de que sexa outro o criterio do órgano de contratación infórmase que a competencia para acordar a prórroga corresponde á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía.

En todo caso, reitérase por esta Secretaría que é perentorio que se proceda a licitación do contrato- ademáis do resto das prestacións que se veñen executando sen contrato- , de acordo cos principios de igualdade, libre concorrancia publicidade e transparencia a través dos procedementos regulados na LCSP.

CONCLUSIÓN:

*En atención ao exposto neste informe e nos informes e notas informativas desta Secretaría que constan no expediente e aos que se fixo referencia , infórmase **DESFAVORABLEMENTE** a prórroga do contrato”*

Esta Secretaría reitera e ratifícase no informado na nota informativa de secretaria 29/2024(CVD: cfUP9Erjo2MF5LUbU9FE), no informe de data 21 de maio de 2024 (CVD: l0PXjo0xKMAhLuDq0ZUZ), no sinalado na nota informativa de secretaria 34/2024, de data 22 de maio de 2024 (CVD: 6TZBXrvUq8adBn0UGLc), no escrito da técnica de xestión de Administración xeral co conforme desta Secretaría dirixido á Alcaldía, de data 27 de maio de 2024(CVD: iDL29Xh8N3LZbjsaFfQv), e no informe de data 18 de novembro de 2024(CVD: 57V8Vi4X7dDRmAwI3zKZ), polo que informa desfavorablemente a prórroga do contrato.

Reitérase por esta Secretaría unha vez máis que é perentorio que se proceda a licitación do contrato- ademáis do resto das prestacións que se veñen executando sen contrato- , de acordo cos principios de igualdade, libre concorrancia publicidade e transparencia a través dos procedementos regulados na LCSP.

CONCLUSIÓN:

*En atención ao exposto neste informe e nos informes e notas informativas desta Secretaría que constan no expediente e aos que se fixo referencia , infórmase **DESFAVORABLEMENTE** a prórroga do contrato*

É o que expoño neste informe coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.»

Visto o informe de reparo suspensivo á prórroga emitido pola interventora accidental en data 18 de xullo de 2025 (CVD: +xSXAA6OntwfXskaPu6C) que, entre outras cousas, di:

«(.../...)»

III.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- No informe da interventora asinado o día 18.11.2024, xa citado (CVD: K4T2hWSmNWSeMyc3Z6m), fai referencia a os supostos, de carácter excepcional, contemplados no artigo 120 da LCSP xustificativos para proceder á tramitación dun expediente de emerxencia e ao informe nº 17/2019 da Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado, o cal, é do seguinte tenor literal:

“(....)”

A tramitación de emerxencia ten carácter excepcional e resérvase aos supostos contemplados no artigo 120 da LCSP, o cal, é do tenor literal:

“1. Cuando la Administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro o de necesidades que afecten a la defensa nacional, se estará al siguiente régimen excepcional:

a) El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente de contratación, podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente. En caso de que no exista crédito adecuado y suficiente, una vez adoptado el acuerdo, se procederá a su dotación de conformidad con lo establecido en la Ley General Presupuestaria.

b) Si el contrato ha sido celebrado por la Administración General del Estado, sus Organismos Autónomos, Entidades Gestoras y Servicios Comunes de la Seguridad Social o demás entidades públicas estatales, se dará cuenta de dichos acuerdos al Consejo de Ministros en el plazo máximo de treinta días.

c) El plazo de inicio de la ejecución de las prestaciones no podrá ser superior a un mes, contado desde la adopción del acuerdo previsto en la letra a). Si se excediese este plazo, la contratación de dichas prestaciones requerirá la tramitación de un procedimiento ordinario.

d) Ejecutadas las actuaciones objeto de este régimen excepcional, se observará lo dispuesto en esta Ley sobre cumplimiento de los contratos, recepción y liquidación de la prestación.

En el supuesto de que el libramiento de los fondos necesarios se hubiera realizado a justificar, transcurrido el plazo establecido en la letra c) anterior, se rendirá la cuenta justificativa del mismo, con reintegro de los fondos no invertidos.

2. Las restantes prestaciones que sean necesarias para completar la actuación acometida por la Administración y que no tengan carácter de emergencia se contratarán con arreglo a la tramitación ordinaria regulada en esta Ley.”

O artigo antes transcrito debe ser matizado coa consideración xurídica número 3 do **informe nº 17/2019 da Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado** a cal exprésase nos seguintes termos: (* a negrita e o sublimado é propio)

“(../...)3. Como cualquier otra actividad de la Administración Pública, pero más si cabe en este caso, la utilización de la contratación de emergencia debe someterse a una serie de límites fundamentales. En esta concreta materia interesa destacar que el Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales ha tenido la ocasión de pronunciarse (Resolución 102/2017) acerca de los límites que han de ser respetados para la utilización del procedimiento de emergencia. La Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado considera que tal doctrina responde a la perfección a la intención del legislador y al mandato de la ley. En consecuencia, habrá que valorar si se ha producido el respeto de cada una de las condiciones establecidas por el Tribunal. Son las siguientes:

I) Que concurra alguno de los supuestos que taxativamente establece la ley, sin que sea suficiente cualquier otra circunstancia que dé lugar a una situación de urgencia. (...)

II) Que no sea suficiente para resolver la situación la utilización de otros procedimientos menos restrictivos de la libre concurrencia. Esta circunstancia se revela fundamental en este caso. La razón es que lo que en ningún caso sería congruente con la propia naturaleza del contrato público ni con el contenido de la ley sería que se pudiese hacer un uso abusivo de la tramitación de emergencia. (...)

III) Que la emergencia sea apreciada por el órgano de contratación, quien se responsabiliza de motivar la concurrencia de una circunstancia excepcional y de acreditar su existencia.

IV) que la tramitación se limite a lo estrictamente indispensable en el ámbito objetivo y temporal para prevenir o remediar los daños derivados de esa situación.

V) Que la causa de la emergencia no sea imputable al propio órgano de contratación, es decir, que la situación de emergencia no hubiera podido ser evitada por el órgano de contratación mediante una actuación diligente.(.../...)"

Segunda.- As advertencias ao respecto da necesidade de licitar o servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre foron, non só previas á declaración de emerxencia sanitaria, senón múltiples e reiteradas tal e como acreditan os seguintes feitos xa expostos no informe da interventora de data 18 de novembro 2024 con reparo suspensivo á prórroga (CVD: K4T2hWSmNWSeMyjc3Z6m), no que entre outras cousas dí;

"(...)

1.- O anterior interventor informou de xeito reiterado con carácter desfavorable (reparo suspensivo) as facturas emitidas por JARDINCELAS, SL correspondentes ao SERVICIO DE LIMPIEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIONES Y CENTROS ESCOLARES ao tratarse de necesidades de carácter permanente e repetitivo (en varios exercicios) e respecto das cales non lle constaba procedemento administrativo de adxudicación. Entre outros e sen ánimo de exhaustividade, cítanse os seguintes informes:

- Informe de fiscalización JUA NUM 316/2022-Reparo 97 R, de 21 de xullo de 2022
- Informe de fiscalización JUA NUM 360/2022-REPARO 115 R de data 7 de setembro de 2022
- Informe de fiscalización JUA NUM 416/2022-REPARO 141R, de data 6 de novembro de 2022
- Informe de fiscalización JUAN NUM 489/2022- REPARO 175 R, de data 15 de decembro de 2022
- Informe de fiscalización JUAN NUM 325/2022-REPARO 101 R, de data 19 de decembro de 2022
- Informe de fiscalización JUA NUM 496/2022- REPARO 178 R, de data 17 de decembro de 2022
- Informe de fiscalización JUA NUM 46/2023-REPARO 12 R, de data 4 de febreiro de 2023
- Informe de fiscalización JUA NUM 6/2023-REPARO 3R , de data 18 de xaneiro de 2023
- Informe de fiscalización JUA NUM 161/2023-REPARO 42 R, de data 5 de maio de 2023
- Informe de fiscalización JUA NUM 52/2023-REPARO 15R, de data 8 de febreiro de 2023

Asemade nos seguintes informes, reiterou a necesidade de proceder á licitación dos expedientes de contratación finalizados hai anos, entre os que menciona expresamente debido á elevada contía do servizo, a prestación do servizo de limpeza de edificios e instalación municipais:

- INFORME RESUMEN DE CONTROL EJERCICIO 2021 INFCON1 de 25.04.2022 (CVD: kUH03z5yVat+YghB02T4, expediente 2022/G006/000097, dación de conta pleno 28.04.2022)
- INFORME RESUMEN DE CONTROL EJERCICIO 2022 INFCON1 (CVD: d0kWi1sG7fK+2UahUQp8, expediente 2023/G003/000102, dación de conta pleno 27.04.2023)

2.- A secretaria xeral dende a súa toma de posesión en 22.06.2022 **advertiu reiteradamente da inexistencia de expediente de contratación** de, entre outros, o servizo de limpeza de edificios municipais, de que a contratación (verbal) realizada contravén a normativa de aplicación e de que constitúe unha transcendente irregularidade xurídica ao suponer a omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido e constituír unha causa de nulidade de pleno dereito. Tamén veuse informando de xeito repetitivo da necesidade de proceder a contratación de, entre outras, esta prestación. Entre outras e sen ánimo de exhaustividade, cítanse as seguintes notas informativas:

- Nota informativa de secretaría 12/2022, de data 29 de xullo de 2022 (CVD: nckh27o0l6xBCJeywROj)
- Nota informativa de secretaría 18/2022, de data 9 de setembro de 2022 (CVD:Vir/XcatmOBkD1w7A4MO)
- Nota informativa de secretaría 39/2022, de data 7 de novembro de 2022 (CVD:douGypGN8yefKe19zMxL)
- Nota informativa de secretaría 56/2022, de data 16 de decembro de 2022(CVD:xFUgyVLanXXH9+wmsyAz)
- Nota informativa de secretaría 59/2022, de data 19 de decembro de 2022 (CVD: AU1kqFalkeDZqMfBlbFH)
- Nota informativa de secretaría 6/2023, de data 26 de xaneiro de 2023 (CVD: dAoTscCUqy3b4yJTWitJ)
- Nota ifnformativa de secretaría 8/2023, de data 6 de febreiro de 2023 (CVD:iJaHMEq+goeCBN7dMEPe)
- Nota informativa de secretaría 9/2023, de data 14 de febreiro de 2023(CVD:yOHw7+soOiaMQeEvbMzS)
- Nota informativa de secretaría 14/2023, de data 10 de marzo de 2023 (CVD:/6H5mv58EjaDo4ZdvA8F)
- Nota Informativa de secretaría 35/2023, de 5 de maio de 2023 (CVD: JFWX5SPJSq2pfUaPfn/6)

3.- Dende a toma de posesión desta intervención, advertín que as facturas emitidas en concepto de limpeza de instalacións municipais pola mercantil JARDINCELAS, SL (entre as que se encontran, obviamente, os centros escolares respecto dos cales a Sra. Alcaldesa decretou o estado de emerxencia sanitaria o 02.05.2024) enmarcábanse no suposto de omisión de fiscalización a que se refire o artigo 28.1 do RD 424/2017 do 28 de abril concluíndo a necesidade de tramitar un procedemento de revisión de oficio. A nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS foi declarado nulo por resolución de alcaldía número 483/2024 de 18 de abril e se deu conta ao Pleno de sesión do 27.04.2024. Asemade:

3.1.- No meu informe referencia LMR CX22/2023 có asunto Informe á conta xeral correspondente ao exercicio económico 2022, asinado o 03.11.2023 (CVD: 0AuGp2NG1kf+7YvfGXNt) fixen constar que:

"(...) CONCLUSIÓNS

CUARTA.- ESPECIAL REFERENCIA Á EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS NO EXERCICIO 2022

(...)

Advirto por escrito do seguinte:

(...)

1. Capítulo 2: Gastos correntes

A práctica totalidade dos servizos obrigatorios que se prestan no Concello de Cambre carecen de contrato en vigor. (...)"

3.2.- No meu informe referencia LMR_INFCON 2023 / 2024, asinado o 22.04.2024 (CVD:+rDXzYor0UcCFwk9Blpj) advertín do seguinte:

"(...)V.- DEFICIENCIAS QUE REQUIEREN LA ADOPCIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS A TRAVÉS DE UN PLAN DE ACCIÓN.

Una vez finalizado el ejercicio 2023, y elaborado el informe previsto en el artículo 218 del Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de Haciendas Locales, se concluye que las principales deficiencias que requieren la adopción de medidas correctoras a incluir en el Plan de acción a elaborar por la Alcaldía son las siguientes:

(...)

2º) Planificar la actividad de contratación pública anual dando prioridad absoluta a la licitación de los contratos que actualmente están en precario y que afectan a la práctica totalidad de los servicios municipales obligatorios. La regularización de la contratación permitirá disminuir el Período Medio de Pago.

3º) Los pliegos, memorias y demás documentos que constituyen el punto de partida para iniciar un expediente de contratación deben definir adecuadamente el objeto del contrato, justificar los cálculos efectuados para determinar el precio así como que las prescripciones técnicas proporcionan a los empresarios acceso en condiciones de igualdad al procedimiento de contratación y que los criterios de adjudicación están vinculados al objeto del contrato, son formulados de manera objetiva y garantizan la posibilidad de que las ofertas sean evaluadas en condiciones de competencia efectiva.

(...)"

(....)"

Terceira.- A tramitación do contrato de emerxencia debería terse limitado ao estrictamente indispensable, tanto no ámbito obxectivo como no ámbito temporal, para remediar os danos derivados da situación de emerxencia sanitaria.

Na dilixencia da interventora asinada o 08.05.2024 (CVD: StnuH/SXHGZIMCWjj1M) xa advertiu o seguinte:

"(...) Polo tanto, reitero a incorrecto e nada recomendable pretender extender os seus efectos "mentras non se adxudique o novo contrato de limpeza de instalación municipais" dado que, tal e como reza o apartado 37 da Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 11.01.2005:

"37 En efecto, el citado planteamiento tendría como resultado convertir la aplicación de las normas comunitarias pertinentes en facultativa, según la voluntad de cada entidad adjudicadora, cuando, por el contrario, dicha aplicación es obligatoria si se cumplen los requisitos previstos en estas normas. Una facultad de este tipo podría provocar la infracción más grave del Derecho comunitario en materia de contratos públicos por parte de una entidad adjudicadora. Disminuiría sensiblemente la tutela judicial eficaz y rápida que desea la Directiva 89/665 y perjudicaría a los objetivos perseguidos por la Directiva 92/50, a saber, la libre circulación de los servicios y que en esta materia exista una competencia abierta y no falseada en todos los Estados miembros" (...)"

Nembargantes, a resolución de alcaldía núm.1405/2024 de 22 de novembro pola que se resolveu prorrogar o contrato de emerxencia adxudicado mediante R.A número 605/2024, de 9 de maio, á "Empresa de Transformación Agraria, S.A (TRAGSA) no prezo/hora máximo de 36,10 euros (sin IVA) e no prezo/hora mínimo de 27,00 euros (sin IVA) para o servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre, **estableceu un período de oito meses susceptible a ser modificado de non estar adxudicado o expediente de contratación que se está a tramitar.**

Neste punto débese facer mención ao **estado de tramitación do expediente TEdEC número 2024/C004/000005** para a contratación do servizo de limpeza dos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre:

1.- O día 26.03.2024 (CVD: vYx14rLsDdiuQAF9R8I) a Sra. alcaldesa ditou providencia de inicio de expediente de contratación.

- 2.- O día 27.03.2024 (CVD: 1foOzDF3aOoGd4k2YaSZ) a secretaría xeral emitiu informe desfavorable ao expediente de contratación.
- 3.- O 10.04.2024 (CVD: hVG0sEE8Mirng//Eay5X) esta intervención emitiu informe de reparo referencia LMR CONTRATO SERVICIO DE LIMPEZA DOS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E CENTROS ESCOLARES MUNICIPAIS_FASE A /2024.
- 4.- O 22.07.2024 incorporouse documento denominado 22_07_2024_C004_000005_DEF Informe resposta a Inf desfav INTERV y SECRET_jul2024.pdf, asinado o día 22.07.2024 polo Ingeniero Técnico Industrial Municipal (CVD: c4/v/q6g7ZgqrZTbIKRI).
- 5.- O 23.07.2024 incorporouse documento denominado 22_07_2024_DEF MEMORIA NECESIDAD LIMPIEZA EDIFICIOS MPALES_rev jul24.pdf, asinado o día 23.07.2024 polo Ingeniero Técnico Industrial Municipal (CVD: sKdXO8op3M8XBt6/EUvh).
- 6.- O 23.07.2024 incorporouse documento denominado 22_07_2024-DEF_PPT LIMPIEZA EDIFICIOS MPALES_rev jul24.pdf, asinado o 23.07.2024 polo Ingeniero Técnico Industrial Municipal (CVD: 1MFW4jA+0XNhV4k+5o+N).
- 7.- O 23.07.2024 incorporouse documento denominado 22_22_07_2024_DEF ITN LIMPIEZA EDIFICIOS MPALES_rev jul24.pdf, asinado o día 23.07.2024 polo Ingeniero Técnico Industrial Municipal (CVD: T9DtcuY/N7vHFqKR5Bvd).
- 8.- O 18.12.2024 incorporouse documento denominado Prov continuidade.docx do expediente de contratación asinado pola alcaldía o día 18.12.2024 (CVD: Favwt1oPRrPoidShoktP)
- 9.- O día 17.01.2025 incorporouse documento denominado INFORME SECRETARÍA LIMPIEZA LOCALES, desfavorable asinado o día 17.01.2025 (CVD: L4ejMrTD7dsPyeMUeK96)
- 10.- O día 28.01.2025 incorporáronse catro documentos denominados RC LOTE 4pdf, RC LOTE 3pdf, RC LOTE 1pdf, RC LOTE 2pdf
- 10.- O día 28.01.2025 incorporouse documento denominado INFORME FASE A LIMPEZA EDIFICIOSdoc asinado o día 28.01.2025 (CVD: Shald69RnVprn3UdVXPx)
- 11.- O día 16.05.2025 incorporouse documento denominado 16_05_2025_2024c004000005_INT LIMPIEZA EDIFICIOS MPALES_DEF_NF.Doc sen asinar.
- 12.- O día 16.05.2025 incorporouse documento denominado 16_05_2025_2024C004000005_PPT LIMPIEZA EDIFICIOS MPALES_DEF.pdf asinado o día 16.05.2025 (CVD: 3STMAySzha8ADqBt9aJs).
- 13.- O día 16.05.2025 incorporouse documento denominado 16_05_2025 nota informativa NF ITN.pdf asinado o día 16.05.2025 (CVD: ovDR0phzA2kY7z2UzUwD)
- 14.- O día 16.05.2025 incorporouse documento denominado 16_05_2025_2024C004000005_MEMORIA NECESIDAD LIMPIEZA EDIFICIOS MPALES_DEF.pdf (CVD: EDvDMI/YRGxKYnnjwdjZ),
- 15.- O día 16.05.2025 incorporouse documento denominado 16_05_2025_2024C004000005_Informe resposta reparos Inter_secre_DEF.pdf asinado o día 16.05.2025 (CVD: X4p1Qc5PjSo2KtIBJoVh)
- 16.- O día 16.05.2025 incorporouse documento denominado 16_05_2025_2024C004000005_PPT LIMPIEZA EDIFICIOS MPALES_DEF.pdf asinado o día 16.05.2025 (CVD: 3STMAySzha8ADqBt9aJs)

Contátase que, a data de sinatura do presente informe e **a pesar do tempo transcurrido**, o expediente tedec número 2024/C004/000005 có obxecto contratación do servizo de limpeza dos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre non está en disposición de ser aprobado por canto falta documentación por incorporar (entre outra, os PCA e os informes preceptivos de secretaría e intervención). Esta situación podería amosar unha falta de dilixencia dado que neste tempo si foron sometidos a informe e licitados ou en proceso de licitación outros expedientes de contratación como son: OPEN SCIENCE CAMBRE 2025 (2025/C005/000001), XXXII FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2025 (2025/C004/000011), , CABALGATA INFANTIL DE REIS MAGOS A CELEBRAR NO CONCELLO DE CAMBRE NO ANO 2025 (2024/C004/000023) ou a XVI XUNTANZA DO MAIOR 2024/C004/000012, os cales, nin responden a unha situación de emerxencia declarada nin están referidos a servizos municipais obrigatorios.

Polo que reitérase, pola que suscribe o presente informe, "a necesidade urxente e de carácter prioritario", da tramitación do contrato de limpeza dos edificios, instalacións e centros escolares municipais, de acordo co establecido na LCSP, como expoñe nos seu informe a secretaría xeral.

Cuarta.- Unha vez rematado o prazo de duración dun contrato non é posible acordar a súa prórroga.

Segundo consta no informe da interventora asinado en data 18.11.2024, xa mencionado, dí o seguinte; “

“(…)

Sobre a configuración xurídica da prórroga, o Centro Directivo da Avogacía Xeral do Estado, no informe do 12 de xaneiro de 2015, tivo ocasión de sinalar que é esencial á mesma que o Centro Directivo da Avogacía Xeral do Estado, no informe do 12 de xaneiro de 2015, tivo ocasión de sinalar que é esencial á mesma que “(...) ésta se acuerde constante o vigente la relación jurídica cuyos efectos se pretenden prolongar en el tiempo, por la sencilla razón de que no puede prorrogarse algo que ya se ha extinguido (...)”. Con carácter previo, este Centro Directivo xa sinalara no seu informe de 22 de setembro de 1997 que “(...) la prórroga debe solicitarse, e incluso acordarse o denegarse, mientras está vigente el plazo inicialmente previsto (...)”, engadindo que “(...)Una vez que el plazo previsto normativamente llega a su término, se extingue y, por lo tanto, no resulta susceptible de ser ampliado, reducido o prorrogado, porque simplemente ha fenecido (...)”.

Por outra banda, o Consello de Estado declarou en numerosas ocasións que o vencemento do prazo de duración dos contratos administrativos determina a súa extinción. Así, nos ditames números 349/2017, 350/2017 e 351/2017, do 14 de setembro de 2017, o Consello de Estado afirmou o seguinte:

«Este Cuerpo Consultivo ha dicho reiteradamente que los contratos administrativos son negocios jurídicos a plazo fijo y que la duración es uno de sus elementos esenciales. [...]

En el caso presente [...], el contrato quedó extinguido por el vencimiento de su plazo. Y debe concluirse también que la denegación de la solicitud de prórroga formulada por el contratista, cuando ya había transcurrido dicho plazo, [...] fue conforme a Derecho. En consecuencia, el contrato se extinguió ipso iure al vencer su duración, sin perjuicio de que subsistieran determinados efectos reflejos».

A resolución de alcaldía núm.1405/2024 de data 22.11.2024 establece prorrogar o contrato de emerxencia adxudicado mediante R.A número 605/2024, de 9 de maio, á “Empresa de Transformación Agraria, S.A (TRAGSA) no prezo/hora máximo de 36,10 euros (sin IVA) e no prezo/hora mínimo de 27,00 euros (sin IVA) para o servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre **por un período de oito meses susceptible a ser modificado de non estar adxudicado o expediente de contratación que se está a tramitar.**

Neste punto debe terse en conta o xa informado pola intervención municipal no seu informe de data 18.11.2024 no que a tenor literal dí;

“A resolución de alcaldía núm. 605/2024 de 9 de maio pola que se resolveu adxudicar mediante tramitación de emerxencia o contrato do servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre á “Empresa de Transformación Agraria, S.A. (TRAGSA)” estableceu un prazo de duración de seis meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da mesma. A citada resolución de alcaldía foi notificada á empresa o 09.05.2024 (número de rexistro de saída 20240000001890) e foi aceptada por TRAGSA ás 14:48:49 horas do propio 09.05.2024 polo que o prazo de duración rematou o 09.11.2024 e, polo tanto, non é posible acordar a súa prórroga.”

Quinta.- Na contabilidade municipal non constan facturas emitidas pola Empresa de Transformación Agraria SA (TRAGSA) pendentes de pago, se ben e certo faltan por facturar os meses de febreiro a xuño de 2025 por parte da

empresa adxudicataria. As facturas presentadas pola empresa Empresa de Transformación Agraria SA (TRAGSA) dende o inicio da primeira prórroga constan pagadas na contabilidade municipal.

IV.- CONCLUSIÓNS

1.- En atención ao exposto neste informe e nos informes aos que se fixo referencia, a que suscribe me reitero e ratifico no informado pola intervención municipal, na Dilixencia desfavorable de intervención asinada o 08.05.2024 (CVD: StnuH/SXHGAZIMCWjj1M), na Dilixencia desfavorable de intervención asinada o 21.05.2024 (CVD: 8QyBo6jsHZ4JtDdERIJQ), no Informe de la intervención municipal de data 18.11.2024 con reparo suspensivo á prórroga de data 18.11.2024 (CVD: K4T2hWSmNWSeMyjc3Z6m), polo que emítese un reparo suspensivo, ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL, á prórroga do contrato do servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre adxudicado, mediante tramitación de emerxencia, a Empresa de transformación Agraria S.A. (TRAGSA) por resolución de alcaldía núm.605/2024 de data 9 de maio de 2024 e prorrogado mediante resolución núm.1405/2025 de data 22.11.2021.

2.- O artigo 31.2.a) do RD 500/1990, de 20 de abril, dispón que a verificación da suficiencia do saldo de crédito deberá efectuarse, en todo caso, ao nivel a que estea establecida a vinculación xurídica do crédito. A base 10ª das de execución do orzamento xeral prorrogado para o exercicio 2025 establece o seguinte nivel de vinculación xurídica para os créditos dos capítulos para os créditos dos capítulos 2 (gastos correntes en bens e servizos), 4 (transferencias correntes), 6 (investimentos reais), e 7 (transferencias de capital):

- das Áreas de gasto 1 (Servizos públicos Básicos), 2 (Actuacións de protección e promoción social), e 3 (Producción de bens públicos de carácter preferente): a nivel de política de gasto respecto á clasificación por programas e de capítulo, respecto á económica.
- do resto das Áreas de gasto: a nivel de área de gasto respecto á clasificación por programas e de capítulo, respecto á económica.

Advirto por escrito que no que respecta ás mensualidades a imputar ao exercicio 2025, non existe crédito axeitado e suficiente na contabilidade municipal para unha 2ª prórroga do contrato de emerxencia do servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre. En consecuencia unha vez que o órgano de contratación adopte o acordo de prórroga éste procederá, de conformidade co disposto no artigo 120.1.a) da LCSP, á oportuna dotación orzamentaria pola vía da modificación de crédito que, das reguladas no TRLFL, considere máis axeitada. Así, recomendase que na mesma resolución de prórroga se dispoña o inicio da devandita modificación de crédito.

A existencia de crédito axeitado e suficiente para as mensualidades a imputar, no seu caso, ao exercicio 2026 queda condicionado á efectiva consignación no orzamento correspondente."

Visto que, tal e como se advertiu no momento da adxudicación do contrato, non resulta necesaria, tratándose dunha tramitación de emerxencia, a súa formalización, de acordo co previsto no art. 31.1 da LCSP; formalización dos contratos administrativos que determinan o momento do seu perfeccionamento de conformidade co disposto no artg. 36 LCSP. Polo que, ao ser unha tramitación de emerxencia, a data de inicio da prestación do servizo adxudicado por este procedemento (que se produciu o 22 de maio de 2024) revélase como esencial para entender perfeccionado o contrato; carácter esencial desa data de inicio da prestación que se deriva tamén do art. 120.1.c da LCSP, cando esixe que o inicio da execución das prestacións se produza nun prazo inferior a un mes dende o acordo da adxudicación dese contrato de emerxencia.

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 700/2025, do 21 de xullo de 2025, pola que se acorda levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención municipal con data 18 de xullo de 2025 (CVD: +xSXAA6OntwfXskaPu6C), e se dispón que continúe o procedemento para a adxudicación desta prórroga, tendo en conta que unha vez que o órgano de contratación adopte o acordo de prórroga, de conformidade co disposto no artigo 120.1.a) da LCSP deberase proceder á oportuna dotación orzamentaria pola vía da modificación de crédito que, das reguladas no TRLFL, se considere máis axeitada.

Visto canto antecede e vista a obrigación que ten o Concello de Cambre de garantir o interese xeral dos seus veciños, defender o seu benestar e evitar que se repitan os problemas que xeraron a declaración da emerxencia sanitaria no mes de maio do pasado ano, e tendo en conta que a licitación e adxudicación do servizo que garantizará a salubridade en colexios, centros de saúde e instalacións municipais aínda non se produciu.

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 584/2024, do 7 de maio, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de emerxencia adxudicado mediante R.A número 605/2024, de 9 de maio (modificada pola número 638/2024 de 21 de maio 2024), á “Empresa de Transformación Agraria, S.A (TRAGSA) no prezo/hora máximo de 36,10 euros (sen IVE) e no prezo/hora mínimo de 27,00 euros (sen IVE) en función do grado de execución das partidas do presuposto aportado pola empresa para o servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre por un período de dez (10)meses susceptible a ser modificado de non estar adxudicado o expediente de contratación que se está a tramitar.

Segundo.- Designar responsable do contrato ao enxeñeiro técnico industrial don Ignacio Fernández Díaz, e na súa ausencia ao xefe da área de urbanismo e réxime interior, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, de acordo co establecido no artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Terceiro.- Notificar este acordo á empresa “Empresa de Transformación Agraria, S.A” (TRAGSA).

Cuarto.- Dar traslado desta resolución, a través da plataforma de administración electrónica TEDeC, á intervención municipal e ao responsable do contrato.

Quinto.- Publicar esta resolución na plataforma de contratos do sector público na que se atopa aloxado o perfil do contratante do Concello de Cambre, de acordo co artigo 63 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 21 de xullo de 2025 (CVD: OpHLnl8m0ozFewvGyc33), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretario accidental, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

O secretario accidental

Fernando Manuel Garrido Negreira